

## **NORMATIVA DE PRÉSTAMO E USO DE BICICLETAS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA.**

---

Co obxecto de facilitar a autonomía e a eficiencia no transporte, impulsar os desprazamentos relacionados cos usos da comunidade universitaria, promocionar o aforro enerxético, incentivar as prácticas saudables e respectuosas co medio ambiente e afondar na política de sustentabilidade que desenvolve a Universidade de Vigo e, máis especificamente, animar a procura dos obxectivos prioritarios do Programa Internacional Green Campus no que participa o Campus de Pontevedra, apróbase esta normativa de préstamo e uso de bicicletas.

### **1.- Destinatarios**

1. Este servizo de préstamo e uso de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, membros da comunidade universitaria do Campus de Pontevedra. A estes efectos, enténdese que está composta polo Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal de Administración e Servizos (PAS) e alumnado con vinculación a algún dos centros que integran o antedito Campus.
2. Queda expresamente prohibida a alta e utilización do servizo a menores de 18 anos.

### **2.- Marco normativo**

O marco normativo que regula o uso das bicicletas esta lexislado en base a:

- Lei 18/1989, de 25 de xullo, de bases sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOE nº 178 de 27/7/1989).
- Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria (BOE nº 63 de 14/03/1990).
- Lei 19/2001, de 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, (BOE nº 304 de 20/12/2001).
- Ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías urbanas do municipio de Pontevedra, (BOP nº 302 de 30/12/1989).
- Ordenanza municipal reguladora da mobilidade amábel e da utilización

dos espazos públicos no Concello de Pontevedra (21/09/2020)

- Demais normativa sobre tráfico e condución de vehículos vixente.

### **3.- Disponibilidade do servizo préstamo e uso do servizo**

O servizo de préstamo e uso de bicicletas estará dispoñible do 15 de setembro ao 15 de xullo. No caso de exceder a esta data de remate (15 de xullo) aplicarase, a persoa solicitante, as sancións oportunas.

Establécense dúas modalidades de préstamo: **Longo Prazo ou Curto Prazo.**

### **4.- Tramitación do préstamo**

#### **A longo prazo**

1. A tramitación do préstamo a longo prazo e responsabilidade da Administrador/a do Campus de Pontevedra, situada na Escola de Enxeñaría Forestal (Campus Universitario s/n, 36005, Pontevedra).
2. A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra realizará a difusión da normativa e dos prazos de solicitude para o préstamo de bicicletas. As solicitudes realizaranse exclusivamente, na *Vicerreitoría do Campus de Pontevedra*. A vicerreitoría notificará a asignación da bicicleta a persoa solicitante, que será por orde de solicitude. Se no prazo de tres días hábiles, a persoa solicitante non recollera a bicicleta no lugar indicado, entenderase que renuncia ao seu dereito de uso.
3. As solicitudes que non puidesen ser atendidas pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda que terá validez durante o curso académico.
4. A persoa solicitante do servizo de préstamo a longo prazo deberá asinar un contrato de aceptación das condicións de préstamo e uso (Anexo 1) e realizar o depósito dunha fianza de 30,00€ na conta bancaria facilitada pola Administrador/a do Campus de Pontevedra. Esta fianza deberá ser depositada previamente a retirada da bicicleta, sendo reintegrada a persoa solicitante despois de efectuar a devolución da bicicleta en condicións correctas tal como se sinala no apartado 8.
5. A bicicleta asignada en préstamo a persoa solicitante é para o seu uso exclusivo e persoal. En ningún caso se poderá transferir ou prestar a bicicleta a outra persoa. Isto causará a baixa forzosa no servizo por parte da persoa solicitante e a esixencia da correspondente responsabilidade.

## **A curto prazo**

1. A tramitación do préstamo a curto prazo é responsabilidade de cada una das dependencias da Universidade de Vigo, no cal se depositan as bicicletas, levándose a cabo o devandito préstamo por orde de solicitude e a través dos anexos 5 e 6.
2. A bicicleta asignada en préstamo a persoa solicitante é para o seu uso exclusivo e persoal. En ningún caso se poderá transferir ou prestar a bicicleta a outra persoa. Isto causará a baixa forzosa no servizo por parte da persoa solicitante e a esixencia da correspondente responsabilidade.

## **5.- Entrega e devolución da bicicleta**

1. A entrega inicial e devolución da bicicleta levarase a cabo nos puntos indicados pola Universidade de Vigo en atención ás condicións particulares do solicitante.
2. Cada unha das bicicletas vai provista dun candeeado e dun número de identificación ou referencia da Universidade de Vigo, que está rexistrado no inventario.
3. A Universidade de Vigo reservase o dereito a reclamar a persoa solicitante o custe da reparación dos danos ocasionados á bicicleta como consecuencia do uso indebido ou a súa perda/roubo da bicicleta ou accesorios.

## **6.- Obrigas da persoa solicitante**

1. A persoa solicitante é o único responsable da bicicleta tomada en préstamo, así como dos danos que poida causar polo seu uso a si mesmo, a terceiros ou a calquera ben moble ou inmobile como consecuencia da utilización normal ou anormal.
2. A persoa solicitante asume as seguintes obrigas desde a sinatura do contrato:
  - Usar a bicicleta respectando as normas reguladoras da circulación, en particular, as que se refiren ao equipamento (casco e material reflectante) e á circulación por beirarrúas e zonas peonís.
  - Usar a bicicleta co máximo coidado e respecto, debendo destinala unicamente para o seu transporte persoal na cidade.
  - Custodiar a bicicleta durante o tempo de uso asumindo a súa

restitución no mesmo estado en que lle foi entregada, razón pola que deberá facer un uso dilixente da mesma tomando as medidas oportunas para evitar a súa perda, roubo ou deterioración.

- Comprobar que a bicicleta está en condicións normais de uso antes de proceder á súa retirada.
- Asegurarse da correcta ancoraxe da bicicleta no momento de estacionamento.
- A persoa solicitante no poderá prestar, alugar ou ceder a terceiros a bicicleta.
- A persoa solicitante no poderá desmontar e/ou manipular parcial ou total da bicicleta.
- A persoa solicitante no poderá utilizar a bicicleta para usos comerciais.
- A persoa solicitante no poderá facer uso da bicicleta en terreos ou en condicións inapropiadas para iso como escaleiras, campos de terra, etc.
- A persoa solicitante deberá comunicar, á maior brevidade posible, á Universidade de Vigo ([vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es); [986.802.020](tel:986.802.020)) calquera incidente que se produza na bicicleta (avaría, accidente, roubo, etc...) ou que a implique.

3. No caso de producirse o roubo da bicicleta ou dalgún dos seus accesorios, a persoa solicitante deberá presentar copia da denuncia formulada diante da autoridade competente nun prazo máximo hábil de 24 horas, a contar dende o momento en que se produzan os feitos.

4. A persoa solicitante se responsabilizará de calquera avaría na bicicleta non debida a defectos estruturais ou de fabricación da bicicleta. Deberá arranxala antes da devolución da bicicleta, asumindo os custes derivados ou de repoñer as pezas da bicicleta deben ser sufragados pola persoa solicitante.

## **7.- Baixa no servizo de préstamo e uso**

### **1. Voluntaria**

A persoa solicitante poderá devolver a bicicleta en calquera intre previa realización dos trámites de devolución, en particular, a sinatura do formulario de devolución e entrega da bicicleta no lugar indicado nas condicións iniciais.

### **2. Forzosa**

A persoa solicitante do servizo poderá ser requirido pola Vicerreitoría do Campus para a devolución da bicicleta cando se produza o incumprimento dalgunha das presentes condicións e normas de préstamo e uso.

## **8.- Sancións**

1. A Universidade de Vigo poderá impor unha sanción de ata 300€ nos supostos de perda, roubo ou deterioración da bicicleta derivados do comportamento negligente da persoa solicitante. Así mesmo, imporá unha sanción de 5€ por cada día de atraso na entrega dunha bicicleta sobre o estipulado en contrato que se descontará da contía da fianza.

2. Con carácter xeral, o incumprimento pola persoa solicitante de calquera das cláusulas desta normativa producirá a súa inhabilitación inmediata, por tempo indefinido, para solicitar o préstamo de bicicleta en sucesivas convocatorias.

## **9.- Danos e prexuizos**

A persoa solicitante autoriza á Universidade a cobrar da contía entregada como fianza os importes dos danos que se puidesen infrinxir á bicicleta polo uso negligente da mesma, tanto por acción como por omisión. Así mesmo, a Universidade poderá reclamar por vía xudicial ordinaria os danos e prexuizos que a persoa solicitante ocasionase.

## **10.- Reclamacións e queixas**

Para calquera reclamación ou queixa sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, a persoa solicitante deberá dirixirse por escrito ou via email ([vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es)) á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, indicando o número de identificación da bicicleta.

## **11 -Cláusula de exoneración de responsabilidade**

A Universidade de Vigo exonérase de toda responsabilidade, fronte a persoal solicitante e/ou terceiros, diante de posibles danos, lesións, roturas, prexuizos ou calquera outra clase de menoscabo sufrido pola persoa solicitante, bens do mesmo ou fronte a terceiros, que puideran producirse como consecuencia da utilización da bicicleta.

## **12.- Tratamento confidencial de datos**

*De acordo co disposto na vixente Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a persoa solicitante consentea cesión dos seus datos de carácter persoal, que formarán parte dun ficheiro do que será propietario a Universidade; sen prexuízo do dereito que lle asiste para acceder, rectificar, cancelar e oporse, en calquera momento, ao tratamento dos seus datos. A Universidade comprométese á non utilización dos datos incorporados aos arquivos xerados no sistema máis aló do propio uso derivado da prestación do servizo e comunicacións ca persoa solicitante.*

## ANEXOS

### **Anexo 1: CONTRATO DE PRÉSTAMO E USO DE BICICLETAS CAMPUS DE PONTEVEDRA**

#### **Datos da persoa solicitante.**

Nome:.....

Apelidos: .....

DNI/Pasaporte: .....

NIU: .....

Data de nacemento: .....

Domicilio durante o curso académico: .....

.....

Domicilio familiar: .....

.....

Teléfono de contacto: .....

E-mail: .....

A persoa solicitante declara coñecer e aceptar as condicións de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra recollidas na Normativa de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra.

Pontevedra, a .... de .....20..

Asinado: .:.....

#### *Recomendacións a persoa solicitante*

- 1. No caso de que a persoa solicitante non dispoña de seguro de responsabilidade civil, recoméndase a subscripción dunha póliza coa antedita cobertura. Solicita información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*
- 2. No caso de ter que efectuar unha reparación ou arranxo na bicicleta podes solicitar información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*

*Nota: A persoa solicitante debe aportar a documentación xustificativa de ter efectuado o ingreso da fianza fixada na normativa na conta facilitada pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*

**Anexo 2: ACTA DE ENTREGA INICIAL DA BICICLETA**

Número de identificación da bicicleta:

Data de entrega:    /    /20...

Lugar de entrega:

- Casa das Campás
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Comprobación do estado da bicicleta:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Observacións efectuadas pola persoa solicitante respecto do estado da bicicleta na data de entrega:

## Anexo 3. ACTA DE DEVOLUCIÓN DA BICICLETA

Número de identificación da bicicleta:

Data de devolución:    /    /20...

Lugar de devolución:

- Casa das Campas
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Comprobación do correcto estado da bicicleta e entrega no prazo previsto.

1- No caso de conformidade:

Devolución da fianza, se a persoa solicitante así o pide.

2- No caso de desconformidade:

Aplicación das medidas correspondentes e/ou incautación da fianza.

Observacións do responsable da UVigo:

Pontevedra, a ... de ..... 20...

A persoa solicitante .....

Asdo:

Selo do centro onde realiza a devolución

## **Anexo 4: SOLICITUDE DE DEVOLUCION DE FIANZA**

Don....., con  
DNI/pasaporte ....., solicita a devolución da fianza constituída en  
favor da Universidade de Vigo con ocasión do préstamo da bicicleta número  
..... na seguinte conta bancaria con IBAN  
..... (documentación  
acreditativa do IBAN).

Pontevedra, a ... de ..... 20...

A persoa solicitante

Asdo:

## Anexo 5: CONTRATO DE PRÉSTAMO DE USO DIARIO DE BICICLETAS CAMPUS DE PONTEVEDRA (PDI, PAS E ALUMNADO)

### Datos da persoa solicitante:

Nome: .....

Apelidos: .....

DNI/Pasaporte: .....

NIU: .....

Data de nacemento: .....

Domicilio durante o curso académico: .....

.....

Domicilio familiar: .....

.....

Teléfono de contacto: .....

E-mail: .....

### Lugar de recollida:

Casa das Campas.  Facultade de Belas Artes

Facultade de Fisioterapia  Facultade de Cc. da Educación e do Deporte

E.U. Enxeñaría Forestais  Facultade de Cc. Sociais e da Comunicación

Pavillón Universitario

Número de identificación da bicicleta:

A persoa solicitante comprométese a devolver a bicicleta no mesmo sitio de recollida e declara coñecer e aceptar as condicións de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra recollidas na Normativa de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra.

Pontevedra, a .... de.....20...

Asinado: .....

### Recomendacións a persoa solicitante

1. No caso de que a persoa solicitante non dispoña de seguro de responsabilidade civil, recomendase a subscripción dunha póliza coa antedita cobertura. Solicita información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.
2. No caso de ter que efectuar unha reparación ou arranxo na bicicleta podes solicitar información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

*Nota: A persoa solicitante debe aportar a documentación xustificativa de ter efectuado o ingreso da fianza fixada na normativa na conta facilitada pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*

**Anexo 6: CONTRATO DE PRÉSTAMO E USO DIARIO DE BICICLETAS ELECTRICAS CAMPUS DE PONTEVEDRA (PDI, PAS)**

**Datos da persoa solicitante:**

Nome:.....

Apelidos: .....

DNI/Pasaporte: .....

NIU: .....

Teléfono de contacto: .....

E-mail: .....

**Lugar de recollida:**

Casa das Campas.

Facultade de Cc. da Educación e do Deporte

Número de identificación da bicicleta:

A persoa solicitante comprométese a devolver a bicicleta no mesmo sitio de recollida e declara coñecer e aceptar as condicións de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra recollidas na Normativa de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra.

Pontevedra, a .... de.....20...

Asinado:.....

*Recomendacións a persoa solicitante*

- 1. No caso de que a persoa solicitante non dispoña de seguro de responsabilidade civil, recomendase a subscrición dunha póliza coa antedita cobertura. Solicita información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*
- 2. No caso de ter que efectuar unha reparación ou arranxo na bicicleta podes solicitar información na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*

*Nota: A persoa solicitante debe aportar a documentación xustificativa de ter efectuado o ingreso da fianza fixada na normativa na conta facilitada pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*